



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Expte: 2021000049985

Rel: PEL-CONCELLOS 2022

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS EN CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA, LIÑA 1.1 PEL-CONCELLOS 2022

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación provincial da Coruña,

Visto que mediante Resolución desta Presidencia nº 2022/2283, do 14 de xaneiro de 2021, modificada pola Resolución de Presidencia nº 2022/4734, do 25 de xaneiro, aprobáronse as bases reguladoras do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1. PEL-CONCELLOS 2022).

Visto tamén que as citadas Bases reguladoras foron publicadas no BOP núm. 18 do 27/01/2022,

RESOLVO:

1º. Aprobar a **convocatoria** do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña (Liña 1.1 PEL-CONCELLOS), cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante Resolución de Presidencia número 2022/2283 con data do 14 de xaneiro, modificada pola Resolución de Presidencia núm. 2022/4734, do 25 de xaneiro.

2º. O Programa rexerase polas **Bases reguladoras** publicadas no BOP núm. 18 do 27/01/2022, dispoñibles en https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/01/27/2022_0000000381.pdf

3º. O **prazo de solicitude** iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo á presente resolución, e finalizará **ás 14:00 horas do día 24 de febreiro de 2022** tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTeL, accesible desde a sede electrónica da Deputación da Coruña: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>

4º. Notificar a presente resolución, así como o extracto da convocatoria que se une como anexo, á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interporse alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se considere pertinente.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO I (GALEGO)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña (líña 1.1. PEL-CONCELLOS 2022), cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>)

Primeiro. Beneficiarios

Concellos da provincia da Coruña.

Segundo. Obxecto

A finalidade deste Programa é apoiar aos concellos da provincia da Coruña para que presten os servizos municipais básicos, considerándose como subvencionables os gastos de contratación directa do persoal.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria réxese polas Bases reguladoras publicadas no BOP número 18 de 27 de xaneiro de 2022, dispoñibles en:

https://bop.dacoruna.gal/boportal/publicado/2022/01/27/2022_0000000381.pdf

Cuarto. Contía

O importe da consignación prevista ascende a un total de 3.606.000,00€ con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2022. As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 19.000€ e un máximo de 75.000€, estando previsto o pago anticipado do 50% das mesmas.

A contía máxima dentro dos créditos dispoñibles na anualidade 2022 destinada a esta subvención á a seguinte:

Aplicación orzamentaria	Crédito dispoñible	Crédito adicional	Contía total máxima
0520/24100/46201	3.000.000,00 €	606.000,00 €	3.606.000,00 €

Para a efectividade da contía adicional utilizarase a bolsa de vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 0520/24100/479.

Quinto. Prazo de presentación de candidaturas

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña e **finalizará ás 14:00 horas do 24 de febreiro de 2022.**

Outros datos de interese

Tanto a presentación de solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realízase por vía telemática a través da plataforma SUBTeL, accesible desde a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO II (CASTELLANO)

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del Programa de ayudas a la contratación de personal para la ejecución de obras y servicios municipales en los ayuntamientos de la provincia de A Coruña (línea 1.1. PEL-CONCELLOS 2022), cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos de la provincia de A Coruña.

Segundo. Objeto

La finalidad de este programa es apoyar a los ayuntamientos de la provincia de A Coruña para que presten los servicios municipales básicos, considerándose como subvencionables los gastos de contratación directa del personal.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se rige por las Bases reguladoras publicadas en el BOP número 18 de 27 de enero de 2022, disponibles en: https://bop.dacoruna.gal/boportal/publicado/2022/01/27/2022_0000000381.pdf

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación prevista asciende a un total de 3.606.000,00€ con cargo al Presupuesto General de la Diputación para el ejercicio 2022. Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 19.000€ y un máximo de 75.000€, estando previsto el abono anticipado del 50% de las mismas.

La cuantía máxima dentro de los créditos disponibles en la anualidad 2022 destinada a esta subvención es la siguiente:

Aplicación presupuestaria	Crédito disponible	Crédito adicional	Cuantía total máxima
0520/24100/46201	3.000.000,00 €	606.000,00 €	3.606.000,00 €

Para la efectividad de la cuantía adicional se utilizará la bolsa de vinculación jurídica da aplicación presupuestaria 0520/24100/479.

Quinto. Plazo de presentación de candidaturas

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña y **finalizará a las 14:00 horas del 24 de febrero de 2022.**

Otros datos de interés

Tanto la presentación de solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTeL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>